

Andrés Iglesias Rodríguez  
Concello de Pazos de Borbén

Gustáriame comezar cun conto curtiño que vén moi ao caso, e é o daquel home que estaba na rúa vendendo a súa mercancía, repolos, mazás, laranxas e ao lado había un mangante que dicía «eu tamén».

Teñen ou non teñen solución os incendios en Galicia?

É unha pregunta bastante difícil de contestar. Farei unha breve exposición baseándome no que coñezo, e na experiencia do que temos na comarca, na zona de Pazos de Borbén. Todos sabemos que estamos sufrindo no rural un despoboamento que orixina o abandono das veigas e das cavadas, desaparece o cultivo, desaparece o gando, que era o que mantiña vivos os nosos montes. Ao suceder isto ocorre que aparece maleza ou plantacións, sobre todo de eucaliptos. Por que eucaliptos? Pola rendibilidade. Teño falado con veciños aos que lle queren mercar a súa veiga para algún uso, e din «antes de vendela por 200 pesetas, pónolle eucaliptos que me é máis rendible». Coido que non é a solución, normalmente estas propiedades lindan co monte e entón, que pasa? Que aínda que o monte teña a mesma superficie, aumenta o que antes eran cavadas, se nos fixamos no catastro ou nas fotos aéreas parece todo monte. Entón, de pouco vale que a comunidade de montes teña o bosque limpo se as limítrofes non o teñen; por iso sería interesante mancomunarse por concellos ou por comarcas para planificar as actuacións dos montes, cuestión que por outra banda lles afecta aos alcaldes. Hailles que dar solución e que se cumpra a normativa porque é fácil ter unha ordenanza que diga que todos os veciños deben ter o monte limpo, as coutadas limpas, pero o concello pode limpalas e despois cobrar. É difícil, porque algúns donos das propiedades están noutro país ou unha leira pode ser de varios propietarios. Bastante traballo temos para limpar as zonas asfaltadas e os accesos, e creo que aí habería que buscar algunha entidade municipal para que nos botase unha man.

Como combater un incendio?

Hai lume porque hai algo que arde. Para dar unha solución eu teño aquí anotadas tres alternativas:

- máis limpeza, máis rozas, máis medios. Isto iría enfocado á reciclaxe, á biomasa da que se falou nestas xornadas;
- fomento de arborizado limpo nas replantacións: carballos, con distintas devasas no inverno, facendo queimas controladas... Outra cuestión importante é que no caso dos piñeiros cando están ao lado das estradas estas non serven de devasa, porque o lume pasa dunhas copas a outras;
- unha terceira opción que sería unha mestura das dúas, unha parte de arborizado, piñeiros, eucaliptos (a abundancia é mala), carballos, castiñeiros.

Cando estivo o conselleiro en Pazos de Borbén, falabamos de que o lume «vai de copas» cando vai só é algo tímido pero xúntase co seu mellor amigo, que é o vento. Ademais escollen a calor e o verán para facer as súas trasnadas. Iso foi o que paso en Pazos de Borbén, onde arderon 1000 hectáreas e seguiron arrasando os concellos limítrofes de Mos, Ponteareas e de Porriño.

Simplemente quería recalcar a importancia que teñen o lume e mais o vento xuntos, que son moi perigoso. Había que atopar algún xeito de que as estradas actuasen como devasas, simplemente con que non houbera árbores grandes ás beiras.